

## **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O PROXECTO SMARTIAGO**

En Santiago de Compostela, a 26 de Agosto de 2019.

### **REUNIDOS**

Dunha parte, D. FRANCISCO JOSÉ CONDE LÓPEZ, Conselleiro de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e Presidente da Axencia Galega de Innovación (en adiante GAIN), actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, modificada polas leis 11/1988, do 20 de outubro; 7/2002, do 27 de decembro; 2/2007, do 28 de marzo e 12/2007, do 27 de xullo e polo Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos.

E doutra parte, D. XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO, Alcalde-Presidente do Concello de Santiago de Compostela que tomou posesión do seu cargo na sesión plenaria constitutiva da corporación que tivo lugar o 15 de xuño de 2019, actuando no exercicio das competencias que ten atribuídas polo artigo 124.1. e 4.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos no exercicio das funcións que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e

## EXPOÑEN

### PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos. A Axencia está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos de GAIN atribúenlle, entre outras funcións, as de ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia; a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación e Innovación, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.

### SEGUNDO

Que o 30 de decembro de 2015, a Axencia Galega de Innovación asinou co Ministerio de Economía y Competitividad (agora, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades) un convenio de colaboración para o fomento da Compra Pública Innovadora na Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante, CPI). Entre os obxectivos deste convenio, recollidos na cláusula Primeira, está o de “fomentar e incentivar a realización de actuacións de Compra Pública Innovadora por parte das distintas entidades de carácter público na comunidade autónoma de Galicia”. Así mesmo, na cláusula Segunda, descríbense os compromisos das partes, entre os que está a “colaboración entre ambas entidades para identificar, seleccionar e financiar dentro da comunidade autónoma de Galicia, actuacións de I+D+i que incorporen unha parte relevante de CPI. No caso de actuacións cofinanciadas con cargo aos Fondos Estruturais e de Inversión Europeos, a colaboración axustarase en todo caso aos procedementos e criterios de selección de operacións aprobados polo Comité de Seguimento do correspondente Programa Operativo”.

### **TERCEIRO**

Que a política de innovación de Galicia para o período 2014-2020 está definida na Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3 Galicia), documento no que se recolle un instrumento específico de impulso á CPI dentro do programa Galicia Transfire, co obxectivo de estimular as capacidades das administracións públicas galegas de comprar produtos e servizos intensivos en coñecemento.

### **CUARTO**

Que o Concello de Santiago de Compostela é un organismo de dereito público de acordo á definición contemplada no art.2.1.4 da Directiva 2014/24/UE *del Parlamento*

*Europeo y del Consejo, de 26 de febrero de 2014, sobre*

contratación pública y ten entre as súas funcións e competencias, recollidas no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, a xestión do alumado público, a recollida de residuos, a limpeza viaria, o tráfico, el estacionamento de vehículos e a mobilidade no ámbito municipal, ademais de todas aquelas designadas na Lei 7/1985 de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).


#### **QUINTO**

Que o 4 de decembro de 2017 o Concello de Santiago e o Ministerio de Economía, Industria, y Competitividad [agora, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades] (en adiante, Ministerio) asinaron un convenio de colaboración para cofinanciar o proxecto de Compra Pública Innovadora *Smartiago* co obxectivo de contribuír á mellora dos servizos públicos a través do fomento da innovación empresarial desde a demanda.

#### **SEXTO**

Que, segundo se expón no convenio citado na cláusula anterior:

- O Ministerio analizou o proxecto que responde ás necesidades de desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma de Galicia e considera que deben ser obxecto de cofinanciamento polo FEDER aqueles con maior capacidade de transformar os resultados da investigación en produtos e servizos de alto valor engadido, novos e sensiblemente mellorados, potenciando a transferencia dos resultados de actuacións científicas e tecnolóxicas a empresas produtoras de bens ou servizos. O Ministerio valora a contribución do proxecto *Smartiago* ao desenvolvemento socioeconómico e á competitividade do tecido empresarial da contorna, así como á integración do sistema ciencia, tecnoloxía,



empresa e á mellora dos servizos públicos mediante a incorporación de bens ou servizos innovadores.

- O Ministerio, en relación ao proxecto *Smartiago*, seguiu o procedemento establecido para a selección de operacións FEDER da Liña FID – Fomento da Innovación desde a Demanda y da Compra Pública Innovadora (Código de actuación DGIC-004 do Programa Operativo Crecemento Intelixente do FEDER) aprobado o 3 de maio de 2016.
- O Ministerio considerou, dentro dos criterios de selección de operacións dos Fondos, que o proxecto *Smartiago* enmárcase dentro dos contemplados no obxectivo de difundir o coñecemento e da cooperación público-privada entre axentes científico-tecnolóxicos e empresas.
- Que o Concello de Santiago de Compostela manifesta que a totalidade das actuacións irán encamiñadas á mellora dos servizos públicos universais, non de mercado e/ou que non xeren efectos de distorsión de mercado.

## SÉTIMO

Que as actuacións recollidas no convenio asinado entre o devandito Ministerio e o Concello de Santiago de Compostela están organizadas en dúas fases:

1. Fase de I+D.
2. Fase de Despregue das solucións conseguidas na fase de I+D

O presente convenio de colaboración entre GAIN e o Concello de Santiago de Compostela fai referencia ás actuacións da Fase de I+D que conta cun orzamento que ascende a 6.180.000 euros de acordo á seguinte distribución:



| FASE            | ORZAMENTO<br>TOTAL(€) | MODALIDADE                                                                    | ACHEGAS<br>DAS<br>PARTES(€) |
|-----------------|-----------------------|-------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|
| <b>FASE I+D</b> | <b>6.180.000</b>      |                                                                               |                             |
|                 |                       | ANTICIPO REEMBOLSABLE (Fondos FEDER): 80%<br>[Ministerio]                     | 4.944.000                   |
|                 |                       | CONTRIBUCIÓN BENEFICIARIO (Achega<br>nacional): 20%<br>[CONCELLO DE SANTIAGO] | 1.236.000                   |

A achega do Ministerio asinante ao Concello de Santiago é de 4.944.000 euros en concepto de anticipo reembolsable FEDER para executar a Fase de I+D do proxecto *Smartiago* librarase segundo os seguintes criterios:

- O primeiro libramento (1.977.600 euros) realizarase á firma do convenio.

O segundo libramento (2.966.400 euros) realizarase trala xustificación do primeiro libramento e ao menos o 10% do cofinanciamento total que debe aportar o Concello de Santiago.

Na execución deste proxecto, o Concello de Santiago someterase ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

## OITAVO

Que como se pode deducir do manifestado nos puntos anteriores, en cumprimento do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento

da citada Lei, os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral para a promoción económica, a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a creación de emprego en Galicia e están en consonancia coas medidas de impulso e apoio ás actuacións de Compra Pública Innovadora recollidas na RIS3 Galicia co obxectivo de estimular as capacidades das administracións públicas galegas de adquirir produtos e servizos intensivos en coñecemento.

Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, de apoio ao proxecto de CPI *Smartiago*, que foi seleccionado polo Ministerio para ser cofinanciado con fondos plurirrexionais FEDER da Liña FID (Fomento da Innovación desde a Demanda y da Compra Pública Innovadora) no marco do Programa Operativo de Crecemento Intelixente, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo.

Por todo o que antecede as partes asinantes ACORDAN subscribir o seguinte convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA: Obxecto**

Este acordo ten por obxecto regular as condicións de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Concello de Santiago de Compostela para colaborar no cofinanciamento da Fase de I+D do proxecto "*SMARTIAGO*" que se financia parcialmente con fondos do FEDER do Ministerio de Economía, Industria y Competitividad (agora, Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades) segundo as obrigas establecidas na cláusula cuarta do convenio de colaboración entre ese Ministerio e o Concello de Santiago, asinado o 4 de decembro de 2017.



## **SEGUNDA. Actuacións**

As actuacións a realizar no citado proxecto están recollidas no Anexo I (Memoria e Orzamento).

## **TERCEIRA. Orzamento, financiamento e condicións económicas.**

- O gasto total das actuacións a desenvolver polo Concello de Santiago no marco deste convenio, de acordo coa memoria e orzamento do **anexo I**, ascende a 6.180.000 € para o período 2018-2021.

Para o desenvolvemento do proxecto, GAIN achegará ao Concello de Santiago o 10% do importe do gasto total das actuación presupostadas no **anexo I** ata o importe máximo de 618.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a continuación, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2019, 2020 e 2021, a través dos mecanismos previstos no ordenamento xurídico, que inclúen o cumprimento por parte do Concello de Santiago dos requisitos legais para ser beneficiario.

| <b>Aplicación orzamentaria: 09.A3.561A.760.0 Cod. Prox 2016-6</b> |             |             | <b>TOTAL</b> |
|-------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|--------------|
| <b>2019</b>                                                       | <b>2020</b> | <b>2021</b> | 618.000 €    |
| 100.000 €                                                         | 210.000 €   | 308.000 €   |              |

- O Concello de Santiago na execución deste proxecto someterase ao disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A subcontratación das actividades subvencionadas regularase polo disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, respectando para o efecto o establecido no artigo 27.3 da citada Lei 9/2007, que establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e o

devandito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

Que o contrato se subscriba por escrito.

Que a súa subscrición a autorice previamente a entidade concedente da subvención por escrito.

Para os efectos do establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o custo total das subcontratacións poderá acadar o 100% do custo total das actividades subvencionadas.

De acordo co establecido no artigo 29.3 da Lei 9/2007 (na redacción dada ao mesmo pola disposición final segunda da Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013), cando o importe do gasto subvencionable iguale ou supere as contías establecidas na Lei de Contratos do Sector Público para o contrato menor, deberán achegarse un mínimo de 3 ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non existan no mercado suficiente número de entidades que os presten ou subministren. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e achegarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Non obstante, tendo en conta que o Concello de Santiago reúne os requisitos previstos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público para ter a consideración de poder adxudicador deberá someterse á disciplina de contratación pública nos termos previstos no devandito texto legal.

Procederase á revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007.

**CUARTA. Gastos subvencionables**

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada e que se realicen no período comprendido entre a data de sinatura do devandito convenio entre o Concello de Santiago e o Ministerio e a súa data de remate (04/12/2021). En ningún caso o custo subvencionable poderá ser superior ao valor de mercado.

Ao abeiro do presente convenio considéranse actuacións subvencionables os investimentos e gastos realizados polo Concello de Santiago asociados aos conceptos que se detallan no **Anexo I**.

Dada a complexidade das actividades do convenio e a dimensión e carácter estimativo da distribución do seu orzamento, as modificacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento previsto que non superen o 30% e conten coa autorización previa do Ministerio poderán realizarse sen autorización previa de GAIN. Para as modificacións que superen o 30%, á petición do Concello de Santiago e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista na cláusula novena, GAIN poderá autorizar esas variacións, sempre e cando conten coa autorización previa do Ministerio e non supoñan un incremento da subvención establecida nin modifiquen os importes e condicións de xustificación recollidos no presente convenio.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se encontra acollida ao réxime de exención do IVE.

#### **QUINTA. Compromisos do Concello de Santiago**

O Concello de Santiago comprométese a:

Presentar previamente á firma do convenio:

- Certificacións que acrediten que se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento dos artigos 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Segundo o disposto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, estas certificacións poderán ser substituídas pola declaración responsable do Concello de Santiago de estar ao día no cumprimento das citadas obrigas.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións consideradas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acreditación de ter cumprido coa obriga de remitir ao Consello de Contas as contas xerais da entidade en cumprimento do disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Realizar as actuacións e efectuar os correspondentes gastos para a finalidade con que aparecen no **Anexo I** do convenio.

Informar a GAIN, cunha periodicidade cuadrimestral, da situación e evolución das actividades obxecto do presente convenio. Así mesmo, comprométese a enviar a GAIN unha copia das actas das reunións de seguimento do convenio asinado entre o Concello de Santiago e o Ministerio.

Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitar a

inspección e control dos órganos de GAIN co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

Dar consentimento expreso a GAIN para incluír e facer público, nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.

Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Prestar consentimento expreso á publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos previstos no artigo 20 da *Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones*, modificado polo artigo 30.3 da *Ley 15/2004, do 16 de noviembre, de racionalización del sector público y otras medidas de reforma administrativa*.

Cumprir coas obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, relativas á obriga de subministración de información por ser beneficiario de subvención.

Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por GAIN.

Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos máis os xuros de demora percibidos dende o momento da concesión ata o de reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

No suposto de adquisición, construción e rehabilitación e mellora de bens inventariables, cumprir co disposto no artigo 29 da Lei 9/2007:



- No caso de bens inscribíbles nun rexistro público, o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante un período mínimo de 5 anos. Ademais deberá facer constar na escritura esta circunstancia, así como o importe da subvención concedida.
- En canto aos demais bens aos que se refire este apartado, deberán destinarse ao fin concreto para o que se concedeu a subvención durante o período mínimo de 2 anos.

Facer constar expresamente a colaboración prestada por GAIN en todas as actividades informativas ou de promoción en relación coas actuacións consideradas neste convenio e incorporar en todo o material de execución (inclúense os pregos das licitacións), información e publicidade das actividades do convenio o logotipo identificativo da Xunta de Galicia e de GAIN segundo as especificacións establecidas no Manual de Identidade Corporativa da Xunta de Galicia (<https://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

Informar previamente, a través de correo electrónico [gain@xunta.gal](mailto:gain@xunta.gal), dos actos e comunicacións públicas que se desenvolvan en relación con este convenio.

#### **SEXTA. Condicións de pagamento**

Co fin de garantir a execución do proxecto, os pagamentos da axuda de GAIN realizaranse do modo seguinte:

- Un primeiro anticipo por importe de 100.000 € en 2019, tras a firma do presente convenio.
- Un segundo pagamento anticipado de gasto, por importe máximo de 210.000€. Este pagamento realizarase trala comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na cláusula Sétima para a primeira xustificación con data límite de presentación do 1/10/2020.



- Un terceiro pagamento anticipado de gasto, por importe máximo de 308.000€. Este pagamento realizarase trala comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos na cláusula Sétima para a segunda xustificación con data límite de presentación do 1/10/2021.

A realización dos citados pagamentos está exenta da constitución de garantías por parte do Concello de Santiago de acordo co artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A concesión de ambos os dous pagamentos quedará condicionada ao cumprimento, por parte do beneficiario, dos requisitos establecidos no artigo 31 da Lei 9/2007.

A suma dos pagamentos realizados por GAIN non poderá superar o 10% da cantidade total xustificada e aceptada polo Ministerio, polo que se finalmente o importe aboado por GAIN supera o 10% desa cantidade, o Concello de Santiago deberá proceder ao reintegro do excedente que resulte de aplicar unha intensidade de axuda do 10%.

#### **SÉTIMA. Forma de xustificación**

O Concello de Santiago xustificará ante GAIN a realización das actuacións e gastos que aparecen no **Anexo I** a este convenio, por un importe de 6.180.000 € e da forma sinalada:

|                         | <b>Data límite<br/>presentación<br/>xustificación</b> | <b>Descrición</b>                                                                                                                                                                   | <b>Período<br/>realización<br/>gastos e<br/>pagamentos</b> |
|-------------------------|-------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------|
| <b>1ª xustificación</b> | 1/10/2020                                             | O Concello deberá presentar conta xustificativa conforme ao disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás | Dende sinatura convenio co Ministerio ata 1/10/2020        |

|                         |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                        |                                                      |
|-------------------------|------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------|
|                         |            | <p>entidades locais galegas dos gastos realizados na execución do proxecto por unha cantidade mínima de <b>2.101.200€</b> (importe correspondente ao 1º anticipo do Ministerio + 10% da contribución total do Concello de Santiago).</p> <p>Un mínimo de 100.000€ deben corresponder a gastos e pagos realizados no exercicio 2019.</p> <p>Precísase a conformidade do Ministerio á xustificación do primeiro libramento presentada polo Concello.</p> |                                                      |
| <b>2ª xustificación</b> | 01/10/2021 | <p>O Concello de Santiago deberá presentar conta xustificativa conforme ao disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, do gasto executado nos anos 2020 e 2021, excluindo os importes xa xustificadas ao Ministerio para acceder ao 2º libramento de GAIN.</p> <p>Un mínimo de 210.000€ deben corresponder a gastos e pagos realizados no exercicio 2020.</p>                                                                    | Dende sinatura convenio co Ministerio ata 01/10/2021 |
| <b>3ª xustificación</b> | 30/06/2022 | <p>O Concello de Santiago deberá presentar conta xustificativa conforme ao disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, do gasto total executado (gasto non</p>                                                                                                                                                                                                                                                                   | Dende sinatura convenio co Ministerio ata 04/12/2021 |



|                                   |            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           |  |
|-----------------------------------|------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--|
|                                   |            | <p>xustificado previamente e os importes das dúas primeiras xustificacións).</p> <p>Un mínimo de 308.000€ deben corresponder a gastos e pagos realizados no exercicio 2021.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                           |  |
| <b>4ª xustificación<br/>Final</b> | 31/10/2022 | <p>O Concello deberá presentar a conformidade do Ministerio á xustificación final presentada polo mesmo.</p> <p>A suma dos pagamentos realizados por GAIN non poderá superar o 10% da cantidade total xustificada e aceptada polo Ministerio, polo que se finalmente o importe aboado por GAIN supera o 10% desa cantidade, o Concello de Santiago deberá proceder ao reintegro do excedente que resulte de aplicar unha intensidade de axuda do 10%.</p> |  |

Se, transcorrido o prazo establecido para a xustificación da subvención, o beneficiario non presenta a documentación pertinente segundo o indicado no presente convenio, GAIN a requirirá conforme ao artigo 45.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, para que no prazo improrrogable de dez días a presente. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos neste artigo comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. En todo caso, a achega de GAIN non superará o 10% do total xustificado, sempre e cando se alcanzase o obxecto



do presente convenio. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lei, correspondan.

A xustificación dos gastos realizados na execución do proxecto realizarase mediante a presentación polo Concello de Santiago da seguinte documentación:

- Conta xustificativa conforme ao disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas
- Memoria técnica xustificativa de cumprimento das condicións establecidas no convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Declaración de non ter solicitado nin concedido outras axudas para a mesma finalidade.

GAIN resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

#### **OITAVA. Compatibilidade con outras axudas**

Esta axuda é incompatible con outras axudas concedidas para a mesma finalidade, salvo a subvención outorgada polo Ministerio, cofinanciada nun 80% por Fondos FEDER, que se recolle no citado convenio asinado o 4 de decembro de 2017.

Calquera modificación que afecte ao convenio asinado entre o Concello de Santiago e o Ministerio deberá ser comunicado a GAIN, que valorará como afecta ás cláusulas do presente convenio.

#### **NOVENA. Seguimento e evolución.**

Para garantir a correcta execución e seguimento do pactado neste convenio, constituirase unha Comisión de Seguimento e Coordinación integrada por dous



representantes de GAIN e dous representantes do Concello de Santiago, designados para tal efecto por cada parte.

Son funcións da Comisión as seguintes:

1. Realizar o seguimento das actuacións do Convenio.
2. Propoñer a GAIN variacións entre os diferentes conceptos de gasto recollidos no orzamento para adecualos á execución das actuacións previstas, sempre e cando non supoñan un incremento da subvención establecida nin modifiquen os importes e condicións de xustificación indicados na cláusula sétima.
3. Propoñer solucións aos conflitos que puidesen xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas deste. As que sexan precisas para garantir a correcta execución do convenio.

A Comisión reunirase as veces que sexan precisas por solicitude de calquera das partes asinantes.

Esta Comisión rexerase en canto a súa constitución, funcionamento e adopción de acordos pola normativa vixente en materia de órganos colexiados regulada na sección 3ª do capítulo primeiro do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

#### **DÉCIMA. Control**

GAIN poderá realizar as actividades de inspección que consideren oportunas para controlar e supervisar que as actividades obxecto deste convenio progresan axeitadamente e se alcanzan os obxectivos programados.

En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo,



estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### **UNDÉCIMA. Publicidade**

A entidade beneficiaria do presente convenio consente expresamente o tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web de GAIN e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º.d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Do mesmo modo, de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, consente expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos, no citado rexistro.

A firma deste convenio suporá o consentimento expreso por parte do Concello de Santiago para que a Administración galega inclúa e faga públicos os datos referidos ao presente convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, relativo aos deberes específicos en materia de información sobre convenios; e co disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

#### **DUODÉCIMA. Alteración das actuacións**

Toda alteración nas accións a realizar deberá ser obxecto de autorización por GAIN e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme ao artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Segundo as previsións do do artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, relativo á contratación sustentable, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigacións ou a ampliación do seu prazo de execución.

#### **DÉCIMO TERCEIRA. Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades deste e GAIN, de maneira que non se lles poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### **DÉCIMO CUARTA. Resolución**

Serán causas de resolución do convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondentes dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.

O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.

O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.

O transcurso do tempo establecido sen que se desenvolva este.

O acordo mutuo das partes.

Resolución do Convenio co Ministerio.

#### **DÉCIMO QUINTA. Natureza e resolución de conflitos**

Este convenio terá carácter administrativo, rexéndose polas súas propias cláusulas e en todo o non recollido nelas aplicaráselle o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no seu regulamento aprobado no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e demais normas de dereito administrativo.

Así mesmo, exclúese do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (artigo 6.1), se ben se observarán os seus principios para a resolución das dúbidas e lagoas que se puidesen presentar.

GAIN ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade propia dos negocios xurídicos administrativos, de acordo coa Lei de contratos do sector público. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso - Administrativo.

#### **DÉCIMO SEXTA. Vixencia**

O presente convenio de colaboración entrará en vigor no momento da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2022, sen prexuízo de que as actividades subvencionables obxecto de mesmo xa se iniciasen no mes de decembro de 2017, data da sinatura do convenio entre o Ministerio e o Concello de Santiago.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio, en duplicado exemplar, no lugar e data indicado na cabeceira do presente documento.

Pola Axencia Galega de Innovación

Polo Concello de Santiago





Francisco José Conde López



Xosé A. Sánchez Bugallo

## **ANEXO I:**

### **LIÑAS ESTRATÉXICAS DO PROXECTO *SMARTIAGO***

Resolución de retos de sustentabilidade e mellora da eficiencia en prestación de servizos públicos de recollida e tratamento de residuos, limpeza viaria, mobilidade e iluminación pública a nivel local mediante contratación pública de innovación.

#### **1. OBXETO**

O programa de innovación *SMARTIAGO* ten por obxectivo

1-Novo modelo de depósito e tratamento descentralizado da fracción orgánica dos residuos, que posibilite alcanzar os obxectivos marcados pola UE.

2-Nova forma de relación coa cidadanía que premie o comportamento adecuado en canto a depósito de RSU e limpeza viaria, aumentando a corresponsabilidade e a transparencia.


3-Novo modelo de fiscalización da calidade de servizo, especialmente en canto a recollida e limpeza viaria no centro histórico.

4-Racionalización do modelo actual de carga e descarga, para redución de conxestión e emisións.

5-Evolución do control de acceso e estacionamento, para evitar danos en pavimentos históricos e bloqueo de vías de servizo público.

6- Mellorar a eficiencia enerxética, con luminarias sustentables, deseñadas e fabricadas baixo o modelo de economía circular.

7-Pór en valor o patrimonio a través da iluminación ornamental, reducindo á súa vez os custos do seu mantemento e conservación.



8-Mellorar a seguridade, utilizando a infraestrutura con elementos de sensórica para análises de presenza, fluxo de persoas e calidade ambiental (ruído, aire)

SMARTIAGO diríxese a:

- O servizo de xestión de residuos sólidos urbanos (RSU) e limpeza viaria (LV). Implican un custo anual de 11,55M €/ano, o que supón o 28,3% do capítulo 2 do orzamento municipal de 2015. Ademais, cun pobre 13% de recollida selectiva, moi por baixo do obxectivo de reciclaxe e preparación para a reutilización marcado pola UE: 50% en 2020 e 65% en 2030.
- A mobilidade e acceso de vehículos de residentes, visitantes e carga e transportistas no centro e centro histórico de Santiago de Compostela, patrimonio da UNESCO. A elevada actividade hostaleira e comercial implica unha desordenada actividade de vehículos de transporte de última milla, cuxo control se basea en elementos físicos non integrados co patrimonio e control humano, con impacto no estacionamento e bloqueo de vehículos de emerxencia e recollida de residuos.
- A iluminación pública e a conservación de fachadas de elevado valor patrimonial. Supón 3,5M€/ano en electricidade e mantemento de luminarias, un 9% do capítulo 2 do orzamento anual do Concello. Nunha cidade patrimonio da UNESCO con elevada afluencia turística, a iluminación supón un valor engadido. Ademais, a conservación e mantemento de elementos do patrimonio construído implican importantes gastos recorrentes.

### ***1.1 Liña Xestión Sustentable e Intelixente de Residuos Sólidos Urbanos***

O servizo de xestión de residuos sólidos urbanos (RSU) e limpeza viaria (LV) implica un custo anual de 11,55M€/ano, o que supón o 28,3% do capítulo 2 do orzamento municipal de 2015. Ademais, cun pobre 13% de recollida selectiva, moi por baixo do obxectivo de



reciclaxe e preparación para a reutilización marcado pola UE: 50% en 2020 e 65% en 2030.

Necesidades:

1-Novo modelo de depósito e tratamento descentralizado da fracción orgánica dos residuos, que posibilita alcanzar os obxectivos marcados pola UE.

2-Nova forma de relación coa cidadanía que premie o comportamento adecuado en canto a depósito de RSU e limpeza viaria, aumentando a corresponsabilidade e a transparencia.

3-Novo modelo de fiscalización da calidade de servizo, especialmente en canto a recollida e limpeza viaria no centro histórico.

Obxectivos Liña Xestión Sustentable e Intelixente de Residuos Sólidos Urbanos

1- Reducir o custo de limpeza viaria (LV) nun 3% anual.

2-Reducir nun 10% os quilómetros percorrido polas máquinas varredoras.

3-Adecuar a frecuencia de LV segundo demanda e reducir custo de xestión de activos nun 5%..


4-Grao de cumprimento servizo LV maior ao 95%, con mellora 5% produtividade persoal de campo..

5-Redución do 25% (media) de cantidade de residuos de bolsa negra.

6-Aumento do 10% (media) en ingresos por cantidade e calidade selectiva.

7-Redución do 10% en quilómetros e tempo dedicado a rutas de recollida.

8-Grao cumprimento servizo recollida maior ao 95%, con mellora 5% produtividade persoal de campo.



9-Reducir nun 5% o custo do servizo de recollida de RSU.

### **1.2. Liña Mobilidade Intelixente Sustentable**

O centro e centro histórico de Santiago conta con acceso restrinxido a vehículos de residentes, visitantes e transportistas. A elevada actividade hostaleira e comercial implica unha desordenada actividade de vehículos de transporte de ?última milla?, cuxo control se basea en elementos físicos non integrados co patrimonio e control humano, con impacto no estacionamento e bloqueo de vehículos de emerxencia e recollida de residuos. Necesidades:

1-Racionalización do modelo actual de carga e descarga, para redución de conxestión e emisións.

2-Evolución do control de acceso e estacionamento, para evitar danos en pavimentos históricos e bloqueo de vías de servizo público.

#### Obxectivos Mobilidade Intelixente Sustentable

1-Redución dos desprazamentos con vehículos contaminantes en centro e centro histórico

2-Prevención de danos en pavimentos por acceso indebido de vehículos de tonelaxe excesiva

3-Garantir cumprimento de acceso a centro e centro histórico

4-Garantir cumprimento de tempo estacionamento en zona ORA e residentes

### **1.3. Liña Alumeado ornamental intelixente para conservación do patrimonio**

A iluminación pública supón 3,5M€/ano en electricidade e mantemento de luminarias, un 9% do capítulo 2 do orzamento anual do Concello. Nunha cidade patrimonio da UNESCO con elevada afluencia turística, a iluminación supón un valor engadido.



Ademais, a conservación e mantemento de elementos de elevado valor patrimonial implican importantes gastos recorrentes. Necesidades:

1- Mellorar a eficiencia enerxética, con luminarias sustentables, deseñadas e fabricadas baixo o modelo de economía circular.

2-Pór en valor o patrimonio a través da iluminación ornamental, reducindo á súa vez os custos do seu mantemento e conservación.

Obxectivos Iluminación ornamental intelixente para conservación do patrimonio

1-Reducir o custo de electricidade de iluminación pública ornamental nun 80% anual.

2-Reducir nun 20% o gasto de mantemento de luminarias de iluminación ornamental.

3-Grao cumprimento servizo mantemento alumado maior ao 95%.

4-Aforro 20% conservación (mantemento e restauración) fachadas patrimonio.

## **2. LIÑAS DE ACTUACIÓN**

Este convenio artículase ao redor de tres liñas de actuación centradas en Xestión Sustentable e Intelixente de Residuos Sólidos Urbanos, Mobilidade Intelixente Sustentable e Iluminación ornamental intelixente para conservación do patrimonio.

### ***2.1 Liña Xestión Sustentable e Intelixente de Residuos Sólidos Urbanos***

#### **2.1.1 DESCRICIÓN**

Obxectivo de reciclaxe na UE: 50% en 2020 e 65% en 2030. A tecnoloxía "smart waste" enfócase na eficiencia de custos de prestación do servizo (exs. sensores enchido de colectores, optimización rutas), pero non está a contribuír a alcanzar o obxectivo. O 40% da bolsa doméstica é materia orgánica. A compostaxe comunitaria permite tratamento in situ, pero aínda con operación manual e sen achegamento científico que optimice




instalacións e minimize freos de utilización. A limpeza viaria (LV) é un foco de desafección cidadá, con solucións *"smart waste"* na prestación (ex. sensórica en elementos de varrido), pero sen incidir na fonte na mellora da corresponsabilidade cidadá con innovación. Proposta de *smart city* participada: Depósito de residuos e LV como *"human machine interface"* (HMI). Cidade smart tanxible, substrato de experiencias interactivas personalizadas con contorna urbana e mobiliario público, baixo un modelo participado e predictivo inexistente no mercado *"smart waste"*, estimado en 2B€ para 2021. Características: 1-Compostador comunitario, con depósito identificado e predición de incidencias con intelixencia artificial (IA) sobre índice respirométrico. 2- Sistema de inspección de calidade de LV combinando *crowd monitoring* e IA. 3-Gamificado, interactivo, social: Plataforma de gamificación como modelo PAYT (*"pay as you throw"*), con aforro traducido en moeda social dixital, como medio de pago de taxas e comercio local.

#### **2.1.4 OBXECTIVOS GLOBAIS DO PROXECTO**

- 1-Situar o servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria á vangarda da eficiencia con tecnoloxías smart waste, participación cidadá e IA.
- 2-Lograr os obxectivos de 50% de preparación para a reutilización e a reciclaxe, partindo do 13% actual, convertendo o espazo urbano e o mobiliario público en elementos de interacción para obter recompensa a través da corresponsabilidade ambiental.

#### **2.1.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO**

- 1-Crear modelo predictivo de compostaxe comunitaria urbano baseado en control biolóxico respirométrico, con IA sobre consumo de osíxeno por masa microbiana.
- 2-Demostrar a viabilidade de plataforma de gamificación para PAYT interactivo e personalizado, con aforros transformados en moeda social dixital aceptada por comercio local.



3-Probar a viabilidade da substitución de inspección humana experta de calidade de limpeza viaria por nova solución *smart* combinando intelixencia colectiva e IA.

## **2.2 Liña Mobilidade Intelixente Sustentable**

### **2.2.1 DESCRICIÓN**

O H2020 Work Package "*smart, green and integrated transport*" inclúe diversas iniciativas relacionadas con logistics: "*Physical internet*" (PI) identifica o IoT como prerequisite para o *tracking* de bens baixo rutas flexibles. A alianza Alice, iniciativa Cividas ou o proxecto LaMiLo innovan en "*last mile logistics*" nun contexto *smart city*. A proposta utiliza a loxística de última milla, o acceso e o estacionamento en centro histórico (CH) como "*human machine interface*" (HMI), nunha cidade *smart* tanxible, substrato de experiencias personalizadas con elementos do ámbito público. Características:

1-Plataforma *smart logistics* de última milla, optimización de rutas e *tracking* individualizado de bens desde centro de consolidación urbano.

2-Vehículo eléctrico *smart* con acceso identificado a colectores.

3-Acceso e estacionamento identificado e trazable de vehículos a centro histórico.

### **2.2.4 OBXECTIVOS GLOBAIS DO PROXECTO**

1-Posibilitar a racionalización da loxística de última milla, así como o cumprimento de normas de acceso e estacionamento en centro histórico, reducindo custos e preservando o patrimonio.

2-Promover a sustentabilidade ambiental, reducindo emisións de mobilidade en centro histórico e centro histórico.

### **2.2.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO**



1-Producir e validar a viabilidade de novo vehículo eléctrico para loxística de última milla adecuado a centro histórico: respectuoso co patrimonio, cero emisións e multifuncional.

2-Desenvolver a algoritmia que permita o control de acceso, estacionamento e rastrexabilidade de loxística baseado en *smartphone*, eliminando infraestrutura tradicional (cámaras, bolardos).

### **2.3 Liña Alumeado ornamental intelixente para conservación do patrimonio**

#### **2.3.1 DESCRICIÓN**

Por unha banda, o custo da iluminación pública ornamental asociado a inmobles e outros elementos de elevado valor patrimonial, ten un impacto elevado no capítulo 2 do concello.

Doutra banda, a deterioración de fachadas patrimoniais polo impacto da colonización biolóxica e o vandalismo, require de importantes investimentos de administracións públicas a nivel local, rexional e estatal (ex. 20M? para o mantemento da Catedral de Santiago durante o período pre Xacobeo).

É posible innovar no ámbito da iluminación pública para crear, de forma sustentable e acorde ao modelo da economía circular, un novo produto de iluminación *smart* ornamental que (1) reduza o custo enerxético (2) permita pór en valor unha cidade patrimonio da UNESCO, (3) limite os gastos de conservación e mantemento a través da inhibición e control da colonización biolóxica combinado con técnicas de intelixencia artificial (IA), e (4) mellore a seguridade a través da sensórica.

A innovación principal radicaría na evolución de coñecemento científico parcialmente probado en laboratorio (TRL 3-4), para xerar unha luminaria ornamental *smart* con capacidade de inhibir a colonización biolóxica de fachadas, integrando sensórica e técnicas de IA (*machine learning*) para auto-modular a intensidade de luz de forma



personalizada para cada inmovible e época do ano, xerando un produto de TRL 7 inexistente en mercado.

#### **2.3.4 OBXETIVOS GLOBAIS DO PROXECTO**

1-Situar o servizo de iluminación pública ornamental á vangarda da eficiencia, sen renunciar á súa adecuada integración arquitectónica nunha contorna patrimonio da humanidade.

2-Promover a sustentabilidade ambiental ligada á fabricación e xestión da iluminación baixa modelo de economía circular.

3-Reducir os gastos de conservación do patrimonio utilizando iluminación ornamental e intelixencia artificial para o mantemento preventivo da colonización biolóxica.

#### **2.3.5 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PROXECTO**

1-Reducir o custo de electricidade da iluminación ornamental nun 80% anual.

2-Reducir o custo total de propiedade e as emisións nos procesos de fabricación e mantemento das luminarias de iluminación ornamental.

3-Xerar un novo produto de iluminación pública ornamental, integrando sensórica e intelixencia artificial (*machine learning*) para prever a colonización biolóxica de fachada en elementos de alto valor patrimonial.

### **3. MELLORAS DO SERVIZO PÚBLICO**

As melloras que se esperan delas dúas liñas de traballo de SMARTIAGO son as seguintes:

Na Liña de traballo de Xestión Sustentable e Intelixente de Residuos Sólidos Urbanos espérase:

1-Facilitar e potencia un novo modelo de depósito e tratamento descentralizado de residuos que posibilita alcanzar os obxectivos marcados pola UE en canto a reciclaxe e preparación para a reutilización.

2-Posibilitar novas formas de relación coa cidadanía que premien o comportamento adecuado en canto a depósito de RSU e limpeza viaria baixo a filosofía de pago por xeración, aumentando a corresponsabilidade e a transparencia.

3-Posibilitar un novo modelo de fiscalización da calidade de servizo, especialmente en canto a recollida e limpeza viaria.

Por outra banda, na liña de traballo de Mobilidade Intelixente Sustentable:

1-Reducir de forma drástica os desprazamentos con vehículos contaminantes en centro e centro histórico.

2-Prever os danos en pavimentos por acceso indebido de vehículos de tonelaxe excesiva.

3-Garantir o cumprimento estrito do acceso en vehículos contaminantes a centro e centro histórico.

4-Garantir o cumprimento de tempo estacionamento en zona ORA e residentes

Finalmente, na liña de traballo de Liña Alumado ornamental intelixente para conservación do patrimonio:

1-Reducir o custo de electricidade de iluminación pública ornamental.

2-Reducir o gasto de mantemento de luminarias.

3-Elevar ao máximo o grao cumprimento do servizo de mantemento de iluminación.

4-Producir un aforro considerable na conservación (mantemento e restauración) de fachadas patrimonio.

#### **4. ORZAMENTO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO**

| CONCEPTO SUBVENCIONABLE                                     | TOTAL<br>ORZAMENTO<br>PREVISTO (€) | ACHEGA<br>GAIN (€) |
|-------------------------------------------------------------|------------------------------------|--------------------|
| Oficina de proxecto                                         | 445.000                            | 10%                |
| Asistencia Técnica y/o Convenios de Colaboración            | 240.000                            |                    |
| Consultas ao mercado e actuacións de soporte (comunicación) | 120.000                            |                    |
| Investimentos materiais e inmateriais                       | 1.015.000                          |                    |
| Outros                                                      | 34.000                             |                    |
| Licitacións de Compra Pública de Tecnoloxía Innovadora      | 4.326.000                          | 618.000            |
| <b>Total</b>                                                | <b>6.180.000</b>                   |                    |

